

16 | **rdL**

Galicia Hoxe 29/01/04



A primeira noticia de Claudio Pato (Ourense, 1962) na Revista das Letras foi da man dunha antoloxía sobre os poetas galegos en Madrid con Xosé Lois García. Foi na colección Ablativo Absoluto de Xerais onde Claudio Pato editou o seu primeiro libro de poemas, 'O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev' (1997). Membro do colectivo de intervención poética Redes Escarata, Claudio Pato participou en diversas publicacións colectivas e colaborou en revistas como Dorna, Madrigal e Loia. Pero, escribe, "todo se resume en que o poeta decide ruminar os límites ou en que o poeta decide procurar que non lle apreten os zapatos"

Claudio Pato A mazaira de Kafka

Tamén estarán presentes as escrituras e tamén o cempés na desviación da representación da culpa...

Se esto é así, é así tamén polo seu gusto pola música de Hindemith:
en concreto, polas lecturas sobre a ópera Matías o Pintor.
... ou agrupacións de xentes.
por mor dun efecto psicotrópico na alteración dos alto-falantes,
perdón. 10:
De ter pernoctado tres días nunha crecente atomitación do plu-
mífero que Adelaida lle regalará o día no que lle falou da visita-
ción do verme-pisado.

A cotío, cargar e descargar os automatismos sobre dos equívocos nominais (sobre) do futuro...

doutro xeito, a como elas viven noutro nivel óntico mesma su-
posta realidade...

nun segundo tempo, malia do listado das substancias alcanforadas que definen a acarosidade das ombreiras do abrigo de Heliogáballo.
onde ela impartía as súas clases...
Nin tan sequera, podemos dicir que se tratse dun escritor estadounidense; un escritor dos Estados Unidos de America en plena actividade de escrita sobre –en por exemplo: a decodificación da noción dos mamuts na pantalla 3^a de seu radial de actividades; ao tempo dun afamado lingüista –tamén– xogador de béisbol na trama ao pé das onzas; pois
como no comezo do fautos: un mozo-disco do instituto para as investigacións científicas, en, por exemplo San Francisco-California.

A Louise
Dividir cada dificultade en tantas partes como sexa posíbel e en cantas chame a súa mellor solución. (René Descartes.)